



## Concello de Baralla

# BANDO

D. MIGUEL GONZÁLEZ PIÑEIRO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BARALLA (LUGO).-

Ante a próxima celebración da **NOITE DE SAN XOAN**, e **DEBIDO Á SITUACIÓN DERIVADA DA CRISE SANITARIA DO CORONAVIRUS (COVID-19)**, e en **PREVENCIÓN** de posibles prexuízos que se puideran producir tanto a bens como a persoas; ao abeiro das **ORDES** do 28 de maio de 2021 e 10 de xuño de 2021 da **Consellería de Sanidade**, e seguindo as indicacións da **FEGAMP** (Federación Galega de Municipios e Provincias),

### FAGO SABER:

**Primeiro.- PROHÍBENSE TODAS AS FOGUEIRAS COMUNITARIAS** que se asenten en **ESPAZOS PÚBLICOS**, xa que non se poden garantir as medidas sanitarias e de seguridade habituais destas celebracións, *segundo o establecido no apartado 4.6 da Orde do 28 de maio de 2021*.

**Segundo.- AUTORIZÁNSE AS FOGUEIRAS** de San Xoán aos **PARTICULARES**, que se asenten **EN ESPAZOS DE TITULARIDADE PRIVADA**.

Como **MÁXIMO PODERANSE CONCENTRAR 15 PERSOAS** en cada unha das fogueiras particulares (*segundo o establecido no apartado Terceiro.bis da Orde do 10 de xuño de 2021: Recomendacións relativas á permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados*).

O protocolo establecido por este Concello para a celebración de fogueiras particulares é o seguinte:

- 1.- As fogueiras deberán realizarse en **lugares despexados** e mantendo unha distancia de seguridade prudencial de edificacións, de liñas eléctricas, de zonas verdes ou xardíns, de mobiliario urbanos ou de vehículos, ou daqueles onde poidan crearse situacións de perigo.
- 2.- Non se poderán queimar rodas e cubertas de goma, plásticos ou calquera derivado de hidrocarburos, así como materiais ou produtos contaminantes ou tóxicos.
- 3.- Os organizadores das fogueiras deberán responsabilizarse dunha **correcta e total extinción do lume**.

Esta Alcaldía chama aos veciños ao **cumprimento das normas** contidas neste BANDO a fin de que a **NOITE DE SAN XOAN** transcorra nun ambiente de sana e pacífica convivencia cidadá.

**Os veciños que teñan intención de facer fogueiras, e co obxecto de prever calquera tipo de incidente, DEBERÁN COMUNICALO nas oficinas do CONCELLO ou chamando por teléfono (982363303), antes das 14:00 horas do día 23 de xuño de 2021.**

Baralla, 21 de xuño de 2021  
O ALCALDE  
Asdo. Miguel González Piñeiro  
DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221

